

#### IV.

Na vila, a noite do sábado discorrera polos sendeiros habituais deses días específicos. San Xacobe xa non significaban gran cousa alá abaixo agás para os amantes das verbenas ou os que tiñan familia na parroquia e, ao estar situados na faldra do outro lado do monte, non lles chegaban os ecos da música nin o reflexo das luces. Como se dixo, naquel emprazamento de carácter urbano gozaban da maior sala de festas-disco da bisbarra e, xunto ás terrazas dos poucos bares e cafeterías das rúas principais aos que parecera aliarse unha climatoloxía benigna nos últimos días, ninguén parecía pensar en subir até alí, antes ao contrario, moita xente preferira baixar aos primeiros sons da nefasta orquestra daquela festa, entre os que estaban, como é sabido, Diego Nivardo.

Quen era irmán de Lidia e neto do Coelleiro, efectivamente, retornara san e salvo á súa casa, onde se propoñía pasar unha velada tranquiliña xogando á Play ou vendo algunha película, pero a chegada doutro compañeiro de troula de gran poder de convición coa invencible proposta clásica de quedar na praza e logo ir xuntos á disco, fíxolle desbotar o seu proxecto sen maiores complicacións. Pensou entón en avisar á súa irmá e que esta llo fose comunicando aos pais, sempre máis receptivos ás informacións aportadas por ela, pero recordou que quedara co parvo do seu mozo, polo que, imaxinaba, ese recado non sería cumprido.

Así pois, Diego chegou á praza no intre mesmo no que quen fora a súa irmá estaba a comerse o can dos seus avós e cando xa algúns sinais de que algo non ía ben asomaban en tan pacífica contorna. Ao ser avisado en persoa

non lle dera ocasión de comprobar a falta total de cobertura no seu móbil, extremo que si verificou co primeiro asunto da charla grupal, centrada nese problema común que viña impedir a necesaria convocatoria de máis asistentes. Algún comentou o raro que era que un helicóptero voase tan baixo e cuns focos tan potentes, pero entre xente que non tiña nada que temer nin maiores variedades de estímulos, ese feito limitouse a ser aproveitado como tema de conversa nas charlas dos diversos coros. Si que estrañou de verdade, en troques, aquela recua de coches do exército pola estrada principal e definitivamente descolocou toda a tranquilidade da fin de semana que dun deses vehículos saísen soldados armados e puxesen un control na saída da vila cara á parroquia da aburrida celebración. A xente que andaba polas rúas observou aquelas evolucións primeiro con curiosidade e logo con verdadeira inquietude. Diego participou tamén nese cambio ao escoitar as protestas de Mauro, un coñecido, quen fora obrigado a dar volta sen que valesen de nada as súas esixencias e aínda rogos de subir a recoller a familia, carente de todo medio de transporte. O pequeno proído que sentira nos nervios desde o momento no que un dos seus compañeiros de troula chegara coa nova transformouse entón nunha verdadeira tensión propia de cordas de violín e xa directamente se desbordou ao escoitar ao máis túzaro dos seus amigos a súa fuxida coa moto campo a través dos chalés construídos preto dos laboratorios pois ao ir recoller á moza precisamente a un deles, atopouse con que os militares estaban facendo subir aos seus ocupantes en camións. Uns desgustiños previos coa normativa viaria e da propiedade aínda non arranxados fixéronlle non pararse a valorar o asunto e saír liscando, non sen antes decatarse que algo gordo debía estar a pasar precisamente nesas

instalacións tecnolóxicas polo estraño movemento que nela se vía. Incluso, aseguraba, pareceran soar disparos, hipótese coa que todos tentaron bromear desde o seu temor incipiente. Diego determinou que era unha ocasión perfectamente apropiada para chamar á súa irmá e que lle deran se a interrompía nos seus biquiños co parvo de Carlos. Aínda que non quería recoñecelo, quedara moi preocupado, e que ela o mandase a rañala sería un verdadeiro alivio. Aquela voz metálica informando da falta de cobertura volveu encirrar os seus nervios.

A falta de costume cos vellos aparellos de moedas fíxolle regresar á casa a correr para telefonar desde o fixo do salón. Na soidade da estancia onde un pouco antes gozara dos privilexios que daba ese mesmo estado sentiu como se a terra se abrise baixo os seus pés tras comprobar que o aparello da casa dos seus avós non daba sinal, así como os outros números da zona que probou a chamar. A escasa experiencia vital dos seus dezasete anos botóuselle enriba con todo o seu peso e non puido facer outra cousa que saír á carreira, como se naquela rúa, a carón duns coñecidos con similar capacidade de reacción, as cousas volvesen á normalidade, pero esa esperanza esfumouse nada máis comprobar os xestos de preocupación imperantes na súa panda. Contáranlles que pasara algo moi grave nas festas de San Xacobe e que agora non podía entrar nin saír ninguén de alí, nin sequera da propia parroquia. O destacamento militar máis próximo enviara aos seus efectivos e estes vixiaban canta estrada e camiño conducía ao torreiro, detendo ou incluso apuntando coas armas a quen pretendese saltar os seus controis. Diego entón comprendeu que a súa familia, incluso a prosma da súa irmá, estaba seguramente en perigo e a súa reacción consistiu nun pranto máis propio do

nenho mimado que era dez anos antes e que, porén, os seus amigos souberon desculpar e aínda acougar. Non sabía que facer e non se lle ocorreu outra cousa que coller a moto e tentar pasar o control da saída da vila sen máis.

O seu plan improvisado entre angustias e medos parecía perfectamente operativo na súa sinxeleza: se, como dicían, os militares e os seus coches estaban atravesados no medio da estrada, a solución pasaba en consecuencia por subir pola estreita beirarrúa e saír disparado a todo o que dese o motor. Co optimismo que concede o excesivo visionado de películas de acción nas que sempre vence o heroe, supoñía que cunha acción tan rápida podería esquivalos e subir sen máis até a casa dos seus avós. O plan, por suposto, non contemplaba as necesarias accións a emprender unha vez chegara, nin imaxinara como podía atopar alí aos seus nin que solucións adoptar. En resumo, el só quería reunirse cos seus pais e a súa irmá fronte a soidade chea de malos augurios coa que se atopaba alá abaixo.

Tal e como dixeran, atopou o control a uns metros do taller mecánico dos Mouríño. Un pouco máis alá dese negocio esperaban varios soldados aferrados ás súas armas, parapetados tras o que parecían uns aramados atravesados na vía. O coche que o precedía foi detido diante delas e, tras unhas breves explicacións ao seu condutor, obrigado a cambiar de sentido e regresar, pero Diego non fixo caso e, polo contrario, continuou acelerando aquel motor de escasos centímetros cúbicos. Seica polo extravagante da situación, os militares quedaron unhas décimas de segundo paralizados e non fixeron nada mentres el subía á beirarrúa esquerda da avenida e a todo o que daba a súa pequena moto deixábaos atrás. O que xa non puido deixar atrás foi a cadea de pinchos que estaba estendida de lado a lado de toda a rúa e que

precisamente viña garantir a prevención dese tipo de fuxidas. Case a conseguiu esquivar, pero a roda traseira chegou a rozala e saltou feita anacos. Foi dar ao chan no que a el lle pareceu o golpe máis grande do mundo. Antes de perder o coñecemento rogou para si tanto porque os seus estiveran ben como por non quedar paralítico, pois a caída semellaba moi mala.

Con todo, a noite parecera conceder unha breve tregua, moi curta pero suficiente para que Pico e Raúl chegasen a alcanzar o todo camiño e o conseguisen poñer en marcha, e grazas a un dos maiores problemas e principal motivo de queixas nese barrio como era o gando ceibo polo monte e que de cando en vez acababa aparecendo polo torreiro e estragando algunhas fincas. Raúl fixera as necesarias xestións para solucionalo pero precisamente alegrouse como nunca da falta de resultados. Unhas cinco vacas chegaran desorientadas e foran dar precisamente á contorna menos apropiada para tantos centos de quilos de carne viva. Axiña os resucitados esqueceron as presas inalcanzables a uns metros do chan e preferiron botarse enriba daqueles pobres animais que apenas tiveron oportunidade de fuxida.

En realidade, Raúl non tivera outra opción que ese plan desesperado, por canto sempre é mellor marchar polo teu propio pé dez segundos antes de que te boten a patadas. Dentro da casa había un movemento bastante xeneralizado para aplicarlle algún castigo e a súa reacción roubándolle ao garda civil a pistola de Paco non deixara de ser unha solución á desesperada que a non moi longo prazo podía ter graves complicacións. Ao disparar ao teito, conseguiu que por uns minutos aquela panda de matóns quedara inmovilizada, e preferiu aproveitar ese dominio momentáneo da situación para proclamar a

súa intención de baixar no seu coche por axuda, atallando por sendeiros e pistas forestais, se ben foi dito máis como fórmula para suavizar os ánimos que porque en verdade tivese esa idea concreta. Aquelas vacas chegadas no medio da noite convertéronse sen quererlo nas aliadas dese proxecto improvisado e, ao cabo, na mellor opción posible. Non podía pasarse a noite apuntando a uns e outros coa arma roubada e o axente á súa vez comezara a apuntalo coa súa, seica desde a humillación de perder un obxecto que estaba obrigado a gardar baixo calquera circunstancia. Cando un dos que espreitaba desde a fiestra suxeriu que debía ir polo coche mentres os resucitados estivesen dando conta daquel gando, comprendeu que non lle quedaba outra que poñer en práctica o prometido e no seu interior case que agradeceu esa posibilidade. Desde o primeiro intre no que distinguiu os uniformes da empresa que el axudara a instalar alí, un pouso de remorsos e medo ante o porvir inmediato facían incluso máis seguros eses vinte metros incertos até o seu vehículo que seguir á espera no medio de xente desexosa non tanto de vinganza como si de catarses liberadoras. Nun rapto de inspiración nunca amosado no seu medio século de vida, rogou a un daqueles sentinelas que se mantivese vixiando e enviase refachos de luz cunha lanterna se aqueles seres aburrían da carne vacúa e decidían pasar á súa. Colocouse na porta esperando o mellor momento para escapar, e o “vou contigo” máis sooulle como unha voz de ánimo que como unha intención. Pico estaba ao seu carón, perfectamente decidido a acompañalo e ningún comentario tanto del como os dos que quedaban na vivenda o conseguiu disuadir. Quería parar na súa casa, e seguindo precisamente a ruta de sendeiros co coche podía quedar moi cerca. Ademais, insistía, sempre sería máis fácil avanzar contando coa axuda doutra

persoa que en solitario. Armado cun machado atopado na cociña e cun aceno propio da loucura, a Raúl non lle quedou máis remedio que aceptar a aquel socio na fuxida.

Baixaron as escaleiras con maior facilidade da esperada, pois os redivivos do patín correran tamén onde estaba o alimento. Avanzaban coas súas respectivas armas preparadas, aínda que ambos sabían que non tiñan maiores posibilidades no caso dun ataque conxunto, por moi desordenado que este fose. Polas contas do pedáneo, non debían de quedar máis de media ducia de balas no seu cargador e, aínda que tiña a posibilidade de achegarse até o cadáver definitivo de Paco e buscarlle máis munición, parecía demasiado arriscado. Por outra banda, e xa abaixo, o coche parecía infinitamente lonxe e, o que era peor, a escasa luz dos seus faros indicaba que a batería podía estar tocada. Ao chegar a unha vella furgoneta co portón traseiro aberto, a curiosidade foi o diaño malintencionado que lles impulsou a comprobar o seu interior e quedar con aquela imaxe que superaría os seus niveis de espanto e xermolaría como o escallo insoportable do horror. Os restos de arames, contas, coiro e outros elementos de artesanía que se estendían polo interior indicaban que aquel vehículo pertencera á parella de hippies co posto no torreiro, pero o que lles xeou o sangue foi que tamén entre aquelas pertenzas estaba un desgastado seirón. Aquela parella debía acostumar a levar con eles un bebé e o sangue e outros restos do habitáculo indicaba que tamén ese día o fixeran. Raúl entón comprendeu perfectamente a reacción do Coelleiro e chegou a pasar pola súa cabeza a tranquilidade de deixar de ver definitivamente todo ese espanto circundante no que presentía unha importante parte de culpa. Acariñou o metal do canón aínda no sopor momentáneo desa tentación pero a

reacción do seu acompañante fíxolle regresar á realidade. Pico choraba e vomitaba controlando a duras penas os delatores sons inherentes e Raúl comprendeu que antes de nada debía de sacar de alí a aquel home. Por xestos animouno a seguir e el obedeceuno con dificultade. A poucos metros, xurdiu de non se sabía onde un dos resucitados, en concreto, quen esa mesma mañá repartía cartas e paquetes cun sorriso e comentando o tempo que esperaba para a festa. O carteiro agora lanzábase sobre os dous co que parecía toda a furia do mundo mentres desde a fiestra os refachos de luz resultaban máis un subliñado insufrible do perigo inminente que a alerta eficaz esperada. Raúl disparou pero os nervios non lle permitiron apuntar, e o redivivo chantouse fronte a el nun movemento moi veloz que porén lle permitiu ver o ombro partido causado polo golpe na sancristía. De súpeto, viu un refacho vertical e case no mesmo movemento o carteiro caeu coa cabeza fendida pola metade. Pico usara a ferramenta collida na casa e conseguira parar xa definitivamente a aquel pobre tipo.

Subiron por fin ao coche. O motor estaba calado pero logrou acendelo ao segundo intento. O problema estaba en sacalo do buraco onde quedara prendida a roda, pero a reductora cumpriu satisfactoriamente a súa función e conseguiron retroceder paseniño. Xa na estrada, outro dos resucitados saltou fronte a eles pero el deu un novo acelerón e levouno por diante como un bolo nun strike. Enfiaron o camiño con tres ou catro cousas máis saíndo a por eles, pero os deixaron atrás sen maiores dificultades. Baixaron até o inicio do que se chamaba Sendeiro de San Xacobe, cuxo deseño precisamente impulsara o pedáneo. Resultaba bastante estreito para un vehículo tan impresionante como o seu Land Cruiser, e rozaba máis veces das desexables os ramallos e fentos



das beiras, pero conseguían avanzar sen maiores problemas. O duro resultaba cruzarse de cando en vez con siluetas humanas que ao chegar á súa altura resultaban ser outros seres como os do torreiro. Incluso nos últimos xiros preto da casa de Pico atropelaron a outro, quen quedou tombado no chan sen poderse mover, pero aínda nese substituto arrepiante de vida no que estaba atrapado. Raúl conducía contendo as ganas de comprobar o estado dun nerviosísimo Pico. Non sabía de que xeito podería axudalo se encontraban outra cousa distinta da súa familia san e salva, e estaba tentado de inventarse calquera escusa para non parar, pero sabía que, tal e como se atopaba aquel acompañante, era capaz de saltar do vehículo en marcha.

Frearon literalmente na mesma porta da casa do presidente da Comisión de Festas, aínda que para iso debeu levarse por diante parte da cancela que estaba a medio cerrar, algo que inquietara aínda máis ao seu propietario pois xuraba unha e outra vez que polas noites sempre se deixaba pechada. Que tampouco estivese o can que soltaban no patio a esas horas non colaboraba moito a recuperar a tranquilidade, así que Raúl preferiu non dicir máis palabras inútiles de consolo e no seu lugar volveu botar man da pistola. Pico entrou en tromba, berrando os nomes da muller e da filla e Raúl correu tras el. Sabía que estaban cometendo unha imprudencia moi grande.

Se saía enteira daquel maldito sitio, tiña claro que nunca, nin en sete vidas máis que lle tocase vivir, volvería cantar en calquera festa de mala morte no cu do mundo. En realidade, consideraba incluso a posibilidade de seguindo sendo cantante dunha banda de impresentables como a que fora dar. A súa vocación artística remataba precisamente no exacto punto no que empezaba a

súa fartura de cretinos. Non estaba disposta a soportar un minuto máis con tipos como Abilio, quen teimaba en manter o liderado de todos os imbéciles agochados na vivenda. Por un segundo, pensou no ben que estaría que os de abaixo o tivesen atacado a el e non ao coitado de Sebas, o técnico de son. O definible por fin como excompañeiro demostraba o xa sospeitado desde que comezara a cantar coa orquestra como que era un mal tipo, incluso perigoso, que sempre miraría pola súa propia pel sobre todas as cousas. O botellón que encabezara e as súas esixencias de linchamento do pobre señor que conseguira avisalos na sancristía eran manifestacións puntuais da súa mesquindade potencial. Comprendeuse entón que era necesario previr a todos aqueles cun pouco de sentido común, pero o medo e, o que era peor, a derrota ante o terrible, facía que esas boas xentes non se mostrasen especialmente receptivas. Cambiou de táctica e foi falar co axente da garda civil, pero axiña decatouse que non se podía contar para grandes decisións con aquel rapaz, demasiado abraiado ante todo e que só era capaz de asentir o que lle dicía mentres non apartaba a vista do seu escote. Facíase imprescindible que el se decidise a facer prevalecer a súa autoridade, pero, agás das tres ou catro ordes directas aos máis revoltosos, non parecía ter moita idea. Moita xente procuraba estar sen molestar ou colaborando na medida das súas posibilidades a serenar aquel ambiente, pero o mal comportamento dos outros podían complicar moito as cousas. Algúns do botellón, baixo os efectos do alcohol, empezaran a encirrar aos que esperaban abaixo como discutible diversión, incluso guindáranlles algunha cousa atopada pola casa sen pedir permiso, e cando por fin o garda civil fora poñer orde, eles limitáranse a

afastarse un pouco e, ao cabo dun par de minutos, reiniciar aquela distracción idiota. Derrotada, foi canda a viúva coa intención de axudala.

A muller do Coelleiro estaba nun recuncho daquel precioso salón que empezara coller un desagradable aspecto de cortello polo escaso coidado daqueles energúmenos. Os máis educados tiveran o detalle de deixarlle libres o sofá e unhas cantas cadeiras para que a familia en pleno dó puidese estar reunida. Choraba en silencio, consolada tamén desde a dor polos pais da rapaza que asaltara o baixo na súa volta da morte. Mentres, nunha cadeira permanecía sentada e coa vista gacha a nora, e tamén viúva dunha das primeiras vítimas da noite. O seu recuperado instinto sanitario indicoulle que esta, á marxe da dor emocional, non se atopaba fisicamente ben. Moi pálida, tremía e suaba ao mesmo tempo. Á súa pregunta de cómo estaba, a muller limitouse a responder que moi cansa e, ante a insistencia de comprobarlle os seus signos vitais, ela afastouse violentamente nun movemento que deixou xeados a todos as que a rodeaban e que a coitada desculpou dicindo que debía ir ao baño axiña. Ese sexto sentido sanitario retomado indicoulle que o febre estaba caldeando aquel corpo e tal conclusión deixouna paralizada uns segundos preciosos para formular a segunda parte da mesma: febril como aquela pobre rapaza antes de morrer. Correu ao cuarto de baño, pero a nora do Coelleiro conseguira ocupalo precisamente facendo valer a súa situación tanto de propiedade como de desconsolo, co que saltara a cola de tres persoas que esperaban a súa quenda. Quen seguía sendo nomeada como Bolboreta lembrou que esa muller estivera a piques de ser derribada por unha daquelas cousas e, se ben parecera que saíra ilesa, imaxinou que había bastantes posibilidades de que sufrira algún tipo de ferida naquela agresión frustrada

pois, se algo parecía claro, era que a causa de todo aquel caos era algún tipo de contaxio por contacto.

Sentíase inútil e ridícula. O primeiro porque consideraba que estivera pouco atenta, e o segundo porque o seu comportamento parecía o propio de calquera prosma, tentando abrir unha porta co ferrollo botado, dándolle golpiños e preguntando á madeira se se atopaba ben. O seguinte ruído que chegou de alí dentro parecía indicar que aquela muller caera desmaiada sen amortecemento. A xa excantante redobrou os seus golpes, máis fortes, como se así a puidese levantar desde ese lado, pero a única resposta foi o rumor do rular dos frascos e demais cousas que debera levar na súa caída. O axente foi comprobar que pasaba, pero continuou coa súa falta de iniciativa, adornada nesa ocasión dunha inquietude manifesta por ese novo elemento. O silencio teimoso facía supoñer que aquela señora perdera o sentido, ou seica algo peor, e nin as chamadas da sogra, quen se achegara estrañada, tiveron a menor resposta.

A dúbida era evidente, e é que se nun primeiro intre pensaban abrir a porta do xeito que fose, a cuestión pasaba por se esa era a solución máis prudente, baseándose en todo o visto e comprobado durante a noite. E aínda que a familia rogaba ao axente que rompese a tiros a cerradura, este debía estar pensando en parecidos termos pois limitábase a tentar xirar o picaporte, disimulando con esa acción tan inútil a súa total carencia de ideas. De súpeto, soou un ruído moi forte que fixo enmudecer a todos. Unha vez recolocados os respectivos nervios, puideron comprender que a orixe de dito son estaba precisamente dentro do cuarto de baño, algo coa habilidade básica de descorrer o ferrollo esquecida, pero substituída cunha furia irracional. Do outro

lado golpeaban con todas as forzas as táboas vernizadas en tons caoba que conformaban a fronteira co resto da xente, e aqueles golpes non eran de angustia, senón de rabia, por non ser capaz de abrir aquela porta e, sobre todo, por non poder chegar cos demais. Bolboreta concluíu para si que aquela infección maldita podía ser máis lenta do que nun primeiro momento parecía pero que, ao cabo, viña desembocar no mesmo resultado catastrófico da sancristía. Os golpes pareceron redobrase, como se aprobasen o seu razoamento e, o que era peor, parecían poder coa porta, finalmente, de grosor moi feble, ferrollo moi simple e apertura cara ao corredor. Nos observadores instalouse entón o pánico e se a familia daquela desgraciada exteriorizouno cunha parálise e un pranto que cortocircuitaron a súa capacidade de reacción, o resto dividiuse entre os que esixían ao axente que voase a cabeza daquel novo monstro e os que reclamaban desde o exemplo que se tapiase a porta con todo o que houbera a man, en espera de expertos que puidesen facer fronte en condicións adecuadas a aquela derradeira infectada. Outra recua de golpes furiosos intensificou o amoreamento de mobles e máis obxectos diante da porta, pero o bando que demandaba o labor eliminador non se deu por satisfeito e reclamaron que se retirasen todos aqueles estorbos e alguén entrase alí a dar cabo daquela pobre muller pois logo podía ser tarde. Por suposto, á cabeza dese grupo colocárase, no que xa parecía un insufrible costume, Abilio, secundado por Vítor e Xerardo, os outros prosmas da orquestra. A cantante quixo exercer de novo a súa recentemente descuberta capacidade de mando, pero nesa ocasión o seu compañeiro non lle concedeu esa oportunidade. Deulle un empuxón sen miramentos que a tirou ao chan mentres lle prohibía a berros que lle volvese ordenar nada, aínda que ela iso

apenas o podía escoitar, presa da dor pola caída. O axente chegou como un raio e devolveu por ela o empuxón a aquel impresentable, enviándoo ao outro extremo do corredor. Se ben continuaba a amosar unha insoportable falta de iniciativa, conseguira adoptar un ton coa suficiente autoridade para obrigar a aqueles tipos a depoñer a súa actitude. Abilio levantárase chorreando odio, pero sen atreverse a rebaterlle nada. Limitouse a deixarse axudar polos seus dous secuaces rosmando con rancor que estaba a quedar inutilizado o cuarto de baño e que a ver que se facía cando a xente quixese cagar, e retirouse de alí mentres o garda e un par de voluntarios máis axudaban a incorporar á rapaza, quen seguía na súa loita particular de recuperar o alento e avaliar para si as posibles lesións. Concluíu con satisfacción que non tiña nada roto nin torcido, e que estaba relativamente ben. Tamén lembrou con temor o carácter basicamente raposeiro do seu compañeiro de orquestra e a súa evidente influencia sobre os dous que o secundaban e tentou alertar a quen alí representaba a lei e a orde, pero este parecía máis preocupado en comprobar se estaba ben que das cousas verdadeiramente importantes, como, en primeiro lugar, o que seguía a golpear a porta do baño desde o seu interior.

Os seus temores, por suposto, eran perfectamente fundados. Abilio regresou nun par de minutos coa súa insoportable escolta. Viña apuntando co rifle do dono da casa, mentres que os outros dous armáranse cun caxato e o que parecía un traveseiro de madeira. Obrigou ao garda a soltar a súa pistola e este, aínda que dubidou moito, optou por obedecer e deixala no chan, sendo recollida por Xerardo, habitualmente un tipo sen ningunha presenza física pero que con ela pareceu crecerse varios centímetros. Xa con dúas armas de fogo e o poder decisorio irrevogable adxacente á súa posesión, anunciaron con furia

que arranxarían ese novo problema xurdido no cuarto de baño e recomendaron afastarse aos que por alí seguían, suxestión só cumprida por uns cantos, que se pecharon no abarrotado salón-comedor, mentres que un grupiño de catro, precisamente, algúns dos curiosos do torreiro, mantivéronse expectantes a ver en que remataba ese novo plan. A rapaza e o garda civil, pola contra, mantiñanse ríxidos ante o poder hipnótico daqueles canóns que seguían apuntándolles por quendas.

Vítor retirou os mobles axudado por algúns daqueles curiosos. A porta aínda seguía pechada, e tardou dous infinitos minutos en ceder. Quen fora nora dos Coelleiros era agora a representación horrible do ansia máis furioso, e pareceu quedar unhas décimas de segundo parada ante aquela ampla oferta de alimento que no seu novo estado se lle presentaba. Abilio achegouse con certo exhibicionismo e apuntoulle entre as cellas mentres Xerardo se mantiña ás súas costas coa pistola tamén en alto no que parecía unha pobre pantomima de cubrilo. Quen saíu do cuarto de baño abandonou entón aquela ínfima inmovilidade e abalanzouse sobre os que lle apuntaban. Abilio apertou o gatillo pero este non se moveu no seu percorrido. “O seguro” berrou o garda civil e algún daqueles curiosos máis versados no manexo de armas de fogo, pero esas décimas de segundo en que Abilio tardou en obedecer as instrucións bastaron para que aquel novo monstro saltara sobre el e lle mordera no brazo que conseguiu interpor. Conseguiu afastala cun culatazo e ela na súa caída fixo un rápido cambio de obxectivo e saltou á perna dun Xerardo que miraba paralizado aquel espectáculo sen atreverse a disparar, pero que ao notar a dentada no papo comezou a pegar tiros a queimarroupa até baleirar o cargador, alcanzando un na caluga da atacante e tombándoa definitivamente.

A paisaxe trala batalla, amais da evidente carga dantesca, presentaba unhas novas complicacións irresolubles engadidas. Xerardo e Abilio quedaron feridos, pero non se desprenderan das súas armas, coas que agora a ameazaban esixindo unha irrealizable atención sanitaria, e Vítor fora alcanzado nun costado por un daqueles tiros disparados ao tolo e, o que era peor, estaba practicamente segura que cando o autor dos disparos conseguiu rebentar a cabeza da atacante, parte do sangue e miolos desta foron parar á súa ferida. Así, ela consideraba que se atopaban con tres novos afectados por aquel mal do inferno e ningún medio para conter a infección, agás encerralos nalgún sitio do que non puideran saír. Abilio reclamoulle de novo curas ameazándoa co rifle e alegando a imperiosa necesidade de ser atendidos inmediatamente, esquecendo así a postura mantida uns minutos antes de eliminar de xeito preventivo a quen puidese supoñer un risco.